



ASUNTO: Proceso de estabilización de emprego temporal dunha praza estrutural vacante da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo coa denominación "Axente de Emprego e Desenvolvemento Local" incurso nos supostos das Disposicións Adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro. Relación definitiva de persoas admitidas e excluídas.

(EXPEDIENTE ELECTRÓNICO 210/14)

INFORME PROPOSTA

O 30 de novembro de 2022 foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) as Bases reguladoras dun proceso de estabilización da praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local dentro do procedemento de estabilización de emprego temporal (disposicións adicionais 6ª e 8ª da Lei 20/2021). Con posterioridade, o 21 de marzo de 2023 publicouse tamén no BOPPO unha modificación destas bases.

O 5 de maio de 2023 publícase no BOE nº 107 o correspondente anuncio de convocatoria abrindo o prazo de presentación de solicitudes, que literalmente recollía o seguinte parágrafo: "El plazo de presentación de solicitudes será de veinte días hábiles a contar desde el siguiente al de la publicación de esta resolución en el «Boletín Oficial del Estado»".

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, mediante Decreto da Concelleira Delegada da Mancomunidade de Vigo, de data 14 de novembro de 2023, resolveuse aprobar e publicar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso. A relación provisional foi publicada no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra o día 7 de decembro de 2023.

Concluído o prazo de 10 días hábiles establecido para a presentación de reclamacións, non consta que se presentase ningunha, polo que, á vista de todo o anteriormente exposto, elévase á Presidencia a seguinte

PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Elevar a definitiva a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos, ao non presentarse reclamacións no prazo previsto. O listado definitivo de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo dun Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, dentro do procedemento e estabilización de emprego temporal (disposicións adicionais 6ª e 8ª da Lei 20/2021) queda, pois, do seguinte xeito:

| APELIDOS | NOME | DNI | ADMISIÓN/EXCLUSIÓN | MOTIVO EXCLUSIÓN (*) |
|------------------|---------------|-----------|--------------------|----------------------|
| TROITIÑO DAPENA | JULIO | **8155**M | ADMITIDO/A | |
| RODRÍGUEZ RICART | SONIA | **0843**T | ADMITIDO/A | |
| DAVILA BARBA | SUSANA MARÍA | **7790**C | ADMITIDO/A | |
| DAVIÑA ROMERO | MARÍA DOLORES | **2580**K | ADMITIDO/A | |
| FÍRVIDA DIZ | PEDRO LUIS | **0949**M | ADMITIDO/A | |
| TROITIÑO REY | PEREGRINA | **3232**T | ADMITIDO/A | |
| RODRÍGUEZ TOUZA | MÓNICA | **1158**P | ADMITIDO/A | |
| FERNÁNDEZ DURÁN | MELANIA | **1986**E | EXCLUÍDO/A | (1) |

(*) MOTIVOS DE EXCLUSIÓN





- (1) Presentación fora de prazo (base terceira)
- (2) Non achegar solicitude no modelo oficial que figura nas bases (base terceira)
- (3) Non achegar copia do DNI (base terceira)
- (4) Non ter nacionalidade española e/ou non cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do TRLEBEP no caso de aspirante nacionais doutros estados
- (5) Non ter cumpridos 16 anos ou exceder da idade máxima de xubilación forzosa
- (6) Non achegar documentación acreditativa da titulación universitaria requirida (base segunda)
- (7) Non achegar copia do Título CELGA 4 acreditativo do coñecemento da lingua galega (base segunda)
- (8) Non achegar relación de méritos alegados (base terceira)

SEGUNDO.- Publicar a relación definitiva de admitidos e excluídos no Taboleiro de anuncios e na páxina web da Mancomunidad de Vigo (www.maiv.org), segundo se establece nas propias Bases específicas da convocatoria.

TERCEIRO.- Nomear, de acordo co disposto na base CUARTA (Bases específicas da convocatoria) o Tribunal Cualificador do proceso, que estará formado polas seguintes persoas:

Presidente/a:

Titular: Lourdes González Salceda, Responsable do Servizo de Promoción Económica da Mancomunidad de Vigo
Suplente: Alberto Escariz Couso, Interventor da Mancomunidad de Vigo e do Concello de Vigo.

Secretario/a:

Titular: Susana Gallardo Fariña, Secretaria da Mancomunidad de Vigo e Secretaria de Goberno Local do Concello de Vigo
Suplente: María Rodríguez Martínez, Xefa de Negociado e Réxime Interior de Persoal e Seguridade Social do Concello de Vigo

Vogal 1:

Titular: Ana Isabel Vázquez Gil, AEDL do Concello de Mos
Suplente: María del Carmen López Duarte, AEDL do Concello de Redondela

Vogal 2:

Titular: Isabel Fragueiro Piñeiro, AEDL do Concello de Pazos de Borbén
Suplente: María Cynthia López Castellano, AEDL do Concello de Soutomaior

Vogal 3:

Titular: Belén Pérez Barreiro, técnica de contabilidade do Concello de Vigo
Suplente: Beatriz Domínguez Pereira, Técnica de administración xeral do Concello de Vigo

CUARTO.- Determinar o lugar, data e hora no que se reunirá o Tribunal Cualificador para a valoración de méritos, tal como establecen as bases específicas que regulan o procedemento, do seguinte xeito:

Lugar: Edificio do Concello de Vigo. Dependencias de Secretaría. 1º Planta. Praza do Rei, s/n. Vigo (*)
Data: 28 de novembro de 2024
Hora: 12.00 h.

(*) O Tribunal poderá decidir que, no caso dos vogais que pertencen a outros concellos distintos a Vigo, a asistencia á reunión se poida facer de xeito telemático (reunión virtual por medios electrónicos)

Contra esta Resolución poderase interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Mancomunidad de Vigo, ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a partir do día seguinte á publicación.

Vigo, na data da sinatura electrónica

A Técnica da MAIV

Lourdes González Salceda (Responsable do Servizo de Promoción Económica)



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 15/11/2024 16:16 | Páxina 2 de 3 |
| 210-14 | CSV: A3AFCB-B4A287-BB2EB3-37FL58-8CY276-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO

DECRETO

Vista a proposta precedente, no uso das atribucións que me confire o acordo de delegación de competencias do Presidente da MAIV de data 21 de xullo de 2023, e de conformidade coas facultades que confire a lexislación vixente, en especial o artigo 186 do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

RESOLVO

prestar a miña conformidade coa devandita proposta.

Vigo, na data da sinatura electrónica

A CONCELLEIRA DELEGADA DA MAIV (P.D. 21/07/2023)

Patricia Rodriguez Calviño

Dou fé,

A SECRETARIA DA MAIV

Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo
210-14

Data impresión: 15/11/2024 16:16 Páxina 3 de 3
CSV: A3AFCB-B4A287-BB2EB3-37FL58-8CY276-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>